

b) Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.

c) Cando por causas debidamente xustificadas o menor deixe de asistir temporalmente ao PAI.

Neste caso, estará exento do pago da cota mensual a partir do primeiro día do mes natural seguinte ao da data de ausencia do centro.

A suspensión da cota durará ata o primeiro día do mes natural no que teña lugar a reincorporación do menor ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao devandito mes reducirase nun 50%.

Nos dous primeiro supostos a suspensión realizarase de oficio. No terceiro suposto deberá solicitarse polo suxeito obrigado ao pago que deberá presentar no rexistro municipal unha solicitude de suspensión da cota correspondente, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva. A Xunta de Goberno Local, previa consulta coa encargada do PAI resolverá sobre a procedencia ou non da exención.

#### **Artigo 10. Infracción tributarias.**

En todo o relativo ás infraccións tributarias, a súa cualificación, así como ás sancións que ás mesmas lle correspondan, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a completan e desenvolven.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL.**

Para todo o non previsto neste texto será de aplicación a regulación contida no Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, a Lei 7/85 de 2 de abril, lei de bases de réxime local; a Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como a demais normativa tributaria que lle sexa de aplicación e o regulamento interno do PAI.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo do punto de atención á infancia entrará en vigor e a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia sendo de aplicación a partir do mes seguinte ao da súa publicación, e permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Pastoriza, 25 setembro de 2012.- P.D.(Resolución da Alcaldía de 23 de xuño de 2011) A tenente de alcalde

R. 4027

#### *Anuncio*

O Pleno desta Corporación en sesión de data 07 de agosto de 2012 aprobou inicialmente o Regulamento da Escola Municipal de Música do Concello da Pastoriza.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, o acordo provisional adquire carácter definitivo e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da citada Lei, procédese a publicación do seu texto íntegro para a súa entrada en vigor.

Contra o regulamento aprobado poderase interpoñer, recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que contará dende o día seguinte ao da presente publicación.

#### **REGULAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DA PASTORIZA**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Escola Municipal de Música, dependente da Concellería de Cultura do Concello da Pastoriza, é un centro dedicado á ensinanza de Música, aberto tanto á rapazada coma a persoas adultas e cuxa finalidade é a formación de afeccionados, sen prexuízo daqueloutras persoas que polo seu especial talento ou vocación desexen ser profesionais.

Dito centro ven funcionando dende xa fai uns anos o que pon de manifesto que xa está implantada entre os veciños do noso Concello, é por iso, que agora, co fin de dotalo dunha regulación fixa e xeral, parece oportuno

aprobar o Regulamento da Escola Municipal de Música como instrumento básico para a súa organización e funcionamento, como documento xurídico-administrativo que recolle o conxunto de normas internas.

## TÍTULO I. NORMAS XERAIS.

### Artigo 1. Ámbito de aplicación.

O ámbito de aplicación do presente Regulamento é a Escola Municipal de Música, creada co fin de encauzar as inquietudes musicais dos veciños da Pastoriza e acercar a educación musical a todos aqueles que o desexen dando cabida a todas as capacidades, adecuándose ás distintas posibilidades de formación e acollendo distintos tramos de idades.

Con este regulamento preténdese establecer unha normativa mínima que regule o funcionamento e organización xeral da Escola.

A matriculación na Escola supón a aceptación deste Regulamento.

### Artigo 2. Sede.

A sede da Escola Municipal de Música será o local da Casa da Música da Pastoriza.

### Artigo 3. Dependencia orgánica.

A Escola forma parte da área de cultura do Concello e estará suxeita á normativa municipal para os servizos locais, así coma á estrutura orgánica, aos criterios e procedementos xerais de organización, programación, dirección e coordinación da área municipal correspondente.

### Artigo 4. Obxectivos da escola.

A Escola Municipal de Música ten como obxectivos principais:

a) A ensinanza e educación musical dos alumnos/as.

b) A ensinanza instrumental dos alumnos/as orientada tanto á práctica individual como á práctica en conxunto.

c) Fomentar nos alumnos o interese pola participación en agrupacións vocais e instrumentais (bandas, tuna, coros etc...).

d) Organizar actuacións públicas e participar en actividades musicais de carácter afeccionado

e) Colaborar cos demais centros docentes e institucións musicais da provincia.

f) Desenvolver unha oferta ampla e diversificada de educación musical sen límite de idade.

## TÍTULO II. ENSINANZAS DA ESCOLA.

### Artigo 5. Oferta educativa.

A Escola Municipal de Música é un centro de ensinanza non oficial, que impartirá ensinanzas dirixidas á formación práctica en música de afeccionados de calquera idade.

As ensinanzas impartidas pola Escola non terán validez académica pero estarán supeditadas ás normas que o Ministerio de Educación e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia dite a este respecto e, en especial, ás relativas a centros non oficiais.

A oferta educativa básica da Escola abrangue os seguintes ámbitos de actuación:

- Música e movemento para nenos/as entre 4 e 5 anos.
- Iniciación musical para nenos/as en idades comprendidas entre os 5 e 7 anos.
- Práctica instrumental a partir dos 7 anos.
- Formación musical complementaria á práctica instrumental.
- Actividades instrumentais e vocais de conxunto.

A oferta de práctica instrumental abranguerá as especialidades de vento madeira, vento metal, piano e teclados e acordeón, como mínimo, e concretarase en cada curso escolar en función das solicitudes de inscrición e as capacidades organizativas da Escola.

Poderán impartirse outras especialidades cando exista demanda suficiente e os recursos humanos, materiais e económicos da Escola o permitan.

As ensinanzas da Escola estarán divididas en diferentes niveis. As distintas materias que se vaian impartir na escola daranse a coñecer en cada período de matrícula, co obxecto de que o alumno/a se matricule axeitadamente.

Levaranse a cabo actividades complementarias e concertos, como medio pedagóxico e de proxección externa do traballo da Escola. Estas actividades deberán ser aprobadas polo Concello e recollidas, na medida do posible, na programación xeral anual do centro.

#### **Artigo 6. Ensinanza instrumental.**

O estudo do instrumento na Escola de Música de Pastoriza poderá iniciarse a partir dos sete anos cumpridos no ano natural de comezo do curso.

A práctica instrumental poderá organizarse coma un ensino individual ou en grupos de dous a catro alumnos/as, caso no que resulta imprescindible ter en conta a similitude de idades e de formación previa dos seus compoñentes.

A duración das clases non deberá ser inferior a trinta minutos semanais para a clase individual e corenta e cinco minutos para a clase en grupo.

#### **Artigo 7. Linguaxe musical.**

A súa acción pedagólica diríxese a acadar un dominio de lectura e escritura da música.

A fin da linguaxe musical, como materia complementaria á práctica instrumental, é a de ofrecer a aprendizaxe de solfexo necesario para o estudo do instrumento, o desenvolvemento das capacidades vocais, rítmicas, auditivas e expresivas e o uso correcto da voz e o seu aspecto comunicativo a través do canto.

Esta ensinanza desenvolverase en clases colectivas. Consistirá nunha clase semanal de unha hora.

#### **Artigo 8. Calendario e horario escolar.**

A Escola Municipal de Música seguirá o calendario escolar que se determine para cada curso atendendo a demanda.

O horario da Escola será sempre fóra do horario escolar, cun mínimo de 12 horas semanais.

O calendario e o horario estarán reflectidos na programación xeral anual, podendo a Escola ofertar actividades con carácter voluntario fóra do calendario previsto, previa aprobación do Concello.

### **TÍTULO III. DO PROFESORADO.**

#### **Artigo 9. O profesorado.**

O profesorado da Escola será o necesario para o funcionamento da Escola e deberá de estar en posesión da titulación correspondente. Naquelas especialidades para as que non exista titulación específica o profesor deberá acreditar coñecementos suficientes.

A selección do profesorado será realizada polo Concello se xestioná directamente a Escola ou pola empresa adxudicataria se a xestión do servizo se realiza de forma indirecta.

#### **Artigo 10. Dereitos do profesorado.**

1. A liberdade de ensinanza dentro do respecto á Constitución e ás leis vixentes, respectando o proxecto educativo do centro e ás programacións correspondentes.
2. Ao derecho de reunión, sempre que non perturbe o desenvolvemento normal das actividades docentes.
3. A seren tratados con corrección e respecto polos seus compañeiros/as, alumnos/as, ou calquera outro membro da comunidade educativa.
4. A participar na vida do centro, segundo a lexislación vixente.
5. A seren informados, por quien corresponda, dos asuntos que atinxen ao centro en xeral, ou a eles en particular.
6. A formular todo tipo de iniciativas, suxestións e alternativas.

7. A utilizar o material da Escola en orde ao exercicio da docencia.

**Artigo 11. Deberes do profesorado.**

1. Extremar o cumprimento das normas éticas que esixe a súa función educativa.
2. Asegurar de modo permanente o seu propio perfeccionamento musical, técnico e pedagóxico.
3. Colaborar no mantemento da convivencia académica.
4. Colaborar na realización das actividades complementarias.
5. Impartir axeitada e puntualmente as clases que lle foron asignadas.
6. Respectar e manter o orde na súa clase, así coma conservar en perfecto estado (exceptuando o desgaste derivado do seu uso) o material á súa disposición.
7. Respectar os dereitos do alumnado, coidando rigorosamente da súa integridade física e psíquica e creando neles hábitos de orde, traballo e confianza para conseguir acadar unha formación integral.
8. Atender as consultas de pais/nais ou representantes legais e alumnos/as e informalos da marcha académica do alumnado.
9. Comprobar a asistencia dos alumnos/as a clases e actividades e informar das súas ausencias inxustificadas.
10. Impoñer as sancións necesarias cando o alumno/a incorra nalgunha falta, atendendo ao exposto neste Regulamento.
11. Desenvolver o programa aprobado e adaptándoo ás peculiares características de cada clase ou alumno/a.

**TÍTULO IV. DO ALUMNADO.**

**Artigo 12. Dereitos do alumnado da Escola Municipal de Música.**

Son dereitos dos alumnos da Escola de Musica:

1. Recibir a información propia deste tipo de centros.
2. Recibir orientación nas materias propias da Escola.
3. Que se respete a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal.
4. O alumnado deberá ser informado, no momento da formalización da matrícula, que a posta en marcha do grupo da súa elección dependerá do número total de inscritos que o xustifique.

**Artigo 13. Deberes do alumnado da Escola Municipal de Música.**

O estudo constitúe un deber básico do alumnado e concrétase nas seguintes obrigas:

1. Asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ao desenvolvimento dos proxecto educativo
2. No caso dos alumnos/as menores, os pais deberán traer e recoller aos seus fillos/as coa maior puntualidade, pois o centro non se fai responsable do alumnado fóra do seu horario lectivo.
3. Xustificar e, se é posible, advertirlle de antemán ao profesor as faltas de asistencia a clase.
4. Catro faltas anuais de asistencia a clase sen xustificar, suporán a perda da praza na Escola, pois dita praza pode ser aproveitada por outro alumno/a.
5. Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvimento das actividades do Escola.
6. Seguir as orientacións do profesorado, respecto da súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.

A ensinanza dun instrumento comenzará cando se alcance o nivel de solfexo que o profesor estime necesario.

7. Coidar o material e o espazo da Escola

8. Participar nas actividades programadas pola Escola.

#### **Artigo 14. Asistencias do alumnado.**

- Os alumnos/as achegarán no prazo máis breve posible, xustificación das faltas e retrasos ao seu profesor, se é posible antes de que se produzan.
- A non asistencia ás clases non exime do pagamento do prezo público correspondentes e só se deixarán de emitir os recibos correspondentes cando o alumno/a formalice a súa baixa ou se dea de baixa de oficio nos casos de falta de pagamento do prezo público.
- O profesor solicitarálle o alumno e validaralle no seu caso, os documentos oportunos para xustificar as causas aducidas para faltar a clase.
- Cada profesor ou profesora na súa hora de clase responsabilizarase de comprobar a asistencia do alumnado, cubrindo e asinando o parte correspondente.

### **TÍTULO V. DOS RECURSOS MATERIAIS.**

#### **Artigo 15. Instalacións e materiais.**

Para poder levar a cabo a programación da Escola deberá dispoñerse de material apropiado, que sirva ao alumnado e ao profesor de aliciente grato e de plena satisfacción educativa.

Os textos e material didáctico poderán ser facilitados polo profesorado ou adquirídos a cargo do propio alumno.

O Concello pon a disposición da escola varios instrumentos musicais sen prexuízo dos que podan ser adquiridos polos propios alumnos. Para a adquisición de calquera outro instrumento o Concello estará asesorado polo responsable da Escola de Música.

As clases impartiranse nos locais da Casa da Música do Concello poñendo á disposición da Escola as instalacións e mobiliarios de dito edificio.

O Concello sufragará os gastos de limpeza e mantemento. No obstante os alumnos deberán comprometerse a coidar e respectar as instalacións e o seu contido.

#### **Artigo 16. Uso das instalacións, mobiliario e material da Escola.**

O alumnado deberá en todo momento facer bo uso tanto das instalacións, como do mobiliario e material da Escola. A neglixencia no uso ou deterioro malintencionado do mesmo poderá derivar nas responsabilidades correspondentes.

### **TÍTULO VI. DO RÉXIME ADMINISTRATIVO.**

#### **Artigo 17. Períodos de matrícula.**

Existirán dous períodos de matriculación.

a) Para os alumnos que xa cursaran estudos na Escola, dentro da última quincena de xullo.

b) Para novos alumnos na primeira quincena de setembro.

O Concello encargarase de facer publico e coa debida antelación os prazos de solicitudes e matrículas, sendo expostos así mesmo nos taboleiros de anuncios da Escola.

Non se admitirán matrículas fóra dos prazos pre establecidos.

#### **Artigo 18. Renovación de matrícula.**

Os alumnos/as que continúen na Escola efectuarán a matrícula durante o período de tempo establecido segundo o modelo previsto no anexo I deste Regulamento. Serán aceptadas as renovacións de matrícula de aqueles alumnos/as que:

- Estivesen matriculados durante todo o curso anterior.

- E xustifiquen o pago da matrícula anual.

Os alumnos/as que non renoven a matrícula no prazo establecido, considerarase que causan baixa con perda de todos os dereitos.

As solicitudes de renovación de matrícula presentaranse nas oficinas da Escola.

#### **Artigo 19. Admisión de novos alumnos/as.**

Unha vez finalizado o período de renovación de matrícula as prazas non cubertas serán ofertadas a aquelas persoas que desexen ingresar na Escola de Música.

As solicitude de novo ingreso presentaranse nas oficinas da Escola segundo o modelo do anexo II deste regulamento xunto coa seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI.
- Certificado de empadroamento
- Fotocopia do título de familia numerosa no seu caso.

A presentación da solicitude non supón, en ningún caso, a admisión automática.

Poderá solicitar o ingreso o alumnado de calquera idade, empadroado no Concello da Pastoriza , e no caso de quedaren prazas libres, poderán acceder os de fóra do municipio.

Terán a consideración de alumnado de novo acceso os solicitantes de 1º curso e os de anteriores cursos con renuncia ou anulación voluntaria da matrícula.

Terá preferencia na admisión o alumnado en listaxe de espera do curso anterior sempre que formalice a pertinente solicitude de admisión. No resto dos caso estarase, con carácter xeral, ao criterio de empadroamento e residencia e a orde de presentación das mesmas.

Unha vez admitidas deberán formalizar no prazo de 10 días a correspondente matrícula achegando unha foto tamaño carne e o xustificante de pago da matrícula

#### **Artigo 20. Vacantes.**

Unha vez adxudicadas as prazas aos alumnos/as da Escola que, cumprindo os requisitos establecidos en puntos anteriores, continúen os seus estudos, farase pública a oferta de prazas vacantes.

Rematado o proceso de matrículas novas, no caso de que quedaran prazas vacantes, poderanse cubrir as mesmas de acordo coas listaxes de espera, en caso de habelas, ou atendendo ás peticionés do alumnado que non realizara o proceso previo de matriculación, abrindo un novo prazo para a presentación de solicitudes nunca superior a 15 días.

Non poderá facerse pública ningunha oferta de prazas vacantes mentres existan listaxes de espera, sendo os solicitantes de fóra do municipio os últimos en matriculárense.

A non incorporación, sen xustificación debidamente razoada nos quince días seguintes ao inicio do curso académico, ou as baixas posteriores implicarán a perda de condición de alumnado oficial e a Escola disporá destas prazas para seren cubertas por outros aspirantes.

#### **Artigo 21. Pago da matrícula.**

O importe da matrícula será o que para cada curso teña previsto o Concello a través da Ordenanza fiscal reguladora correspondente a dita actividade.

O pagamento realizarase ao formalizar a matrícula e nos termos previstos na Ordenanza fiscal.

### **TÍTULO VIII. RÉXIME ECONÓMICO.**

#### **Artigo 22. Recursos financeiros.**

A Escola de Música manterase economicamente para todos os efectos con cargo aos sucesivos presupostos anuais do Concello e de acordo coas normas de execución dos mesmos, sen prexuízo de calquera outra posible achega, directa ou indirecta, que puidese recibir doutras administracións ou entidades públicas ou privadas.

Así mesmo os alumnos/as contribuirán ao seu mantemento coas súas apartacións en concepto de prezo público mediante o abono dunha matrícula anual unha vez formalizada a inscrición na Escola.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

O presente Regulamento entrará en vigor, unha vez que a súa aprobación sexa definitiva, e transcorrido o prazo de quince días contados desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial de Provincia.

A Pastoriza ,25 de setembro de 2012.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra

## ANEXO I

<b>SOLICITUDE DE RENOVACIÓN DE MATRÍCULA NA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA</b>  CURSO ..... Concellería de Cultura	<b>INSCRIPCIÓN</b>  Núm.:  Data:
---	--

INTERESADO/A	DATOS DO ALUMNO/A		
	APELIDOS:		NOME:
	DNI:		DATA DE NACEMENTO:
	ENDERECO:		
	MUNICIPIO:	C.P:	PROVINCIA:
	TELÉFONO FIJO/MOVIL:		
	NOME PAI/NAI/TITOR		APELIDOS PAI/NAI/TITOR:
	DNI PAI/NAI/TITOR:		
	TELÉFONO PAI/NAI/TITOR:		

OUTROS DATOS		
Familia numerosa	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> Non
Núm. de membros da unidade familiar matriculados :		
Documentación que se achega:		
<input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI <input type="checkbox"/> Título de familia numerosa <input type="checkbox"/> Documentación xustificativa de situación de urxencia social (informe e proposta dos servizos sociais do Concello e/ou doutros órganos equivalentes da Comunidade Autónoma)		

\*Importe da matrícula.....€

\* (A cubrir pola administración)

- O alumno/a comprométese a cumplir a normativa interna da Escola municipal de Música.
- Para formalizar a matrícula achegará no prazo de 10 días unha foto tamaño carne e o xustificante do primeiro pago da matrícula de non achegar a documentación considerarase que causan baixa con perda de todos os dereitos.

A Pastoriza, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.  
 Firma do alumno/a ou pai/naí/ titor

## ANEXO II

**SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NA  
ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA**

CURSO .....  
Concellería de Cultura

**INSCRIPCIÓN**

Núm.:

Data:

INTERESADO/A	DATOS DO ALUMNO/A	
	APELIDOS:	NOME:
	DNI:	DATA DE NACIMENTO:
	ENDERECO:	
	MUNICIPIO:	C.P:
	PROVINCIA:	
	TELÉFONO FIJO/MÓVIL:	
	NOME PAI/NAI/TITOR	APELIDOS PAI/NAI/TITOR:
	DNI PAI/NAI/TITOR:	
TELÉFONO PAI/NAI/TITOR:		

OUTROS DATOS		
Familia numerosa	<input type="checkbox"/> Si	<input type="checkbox"/> Non
Núm. de membros da unidade familiar matriculados :		
Documentación que se achega:		
<input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI <input type="checkbox"/> Certificado de empadroamento <input type="checkbox"/> Título de familia numerosa <input type="checkbox"/> Documentación xustificativa de situación de urxencia social (informe e proposta dos servizos sociais do Concello e/ou doutros órganos equivalentes da Comunidade Autónoma)		

\*Importe da matrícula.....€

\* (A cubrir pola administración)

- O alumno/a comprométese a cumplir a normativa interna da Escola municipal de Música.
- Unha vez admitido/a deberá formalizar a matrícula no prazo de 10 días achegando unha foto tamaño carne e o xustificante do primeiro pago da matrícula de non achegar a documentación perderá o seu dereito á praza.

A Pastoriza, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
Firma do alumno/a ou pai/naí/ titor

A Pastoriza ,25 de setembro de 2012.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra

R. 4028

## SARRIA

### *Anuncio*

"Solicitándose desta Alcaldía por D./Dna. ROBERTO CARLOS TORRES LÓPEZ , Licencia Municipal para instalación de NAVE PARA ALOXAMENTO DE VACÚN DE CARNE, FOSA DE XURROS E SILOS, en Vilapedre - Polígono 17 Parcela 455, deste Concello, e en cumprimento do disposto no artigo 8º do Decreto 133/2008, de 12 de Xuño, polo que se regula a Avaliación da Incidencia Ambiental, sométese a información pública polo termo de vinte días hábiles, ó obxecto de que durante o mesmo poida examinarse o expediente, na Secretaría deste Concello, e se poidan formular as alegacións que se estimen oportunas".

Sarria, a 19 de setembro de 2012.- O Alcalde, José Antonio García López.

R. 4030

## FUNDACIÓN TIC – LUGO

### *Anuncio*

### AMPLIACIÓN DE PRAZO PARA A SELECCIÓN DE PARTICIPANTES DO PROXECTO TICLUGO PERTENCENTE Ó PROGRAMA DE BECAS EUROPEAS LEONARDO DA VINCI.

Por resolución de Presidencia da Fundación TIC de data 1 de outubro de 2012, resolveuse a ampliación do prazo inicialmente previsto para a presentación de solicitudes do proxecto TICLUGO por 7 días naturais a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 1 de outubro de 2012.- O PRESIDENTE. José Ramón Gómez Besteiro. O SECRETARIO. José Antonio Mourelle Cillero.

R. 4062

Validez desconocida

Asinado por: BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO  
Data: 02.10.2012 08:00:00 CEST  
Razón:  
Localización: España

